



## BOLETÍN MENSUAL

XULLO 2018

### APE GALICIA

- ✓ OS ALUMNOS DO CURSO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCEIRA DO COMERCIO INTERNACIONAL COMEZARÁN PROXIMAMENTE AS PRÁCTICAS NON LABORAIS.
- ✓ APE GALICIA TEN PROGRAMADO DESELVOLVER DÚAS ACCIÓN FORMATIVAS EN SETEMBRO EN RELACIÓN Ó COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

### INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA AS BASES QUE REXERAN AS AXUDAS DESTINADAS A ACCIÓN FORMATIVAS DE FOMENTO DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, ESTE ANO CON NOVIDADES.
- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA FAI PÚBLICO O PROGRAMA A FAVOR DA CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DAS MULLERES DESEMPREGADAS.
- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DA SEGUNDA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.

**OS ALUMNOS DO CURSO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCEIRA DO COMERCIO INTERNACIONAL COMEZARÁN PROXIMAMENTE AS PRÁCTICAS NON LABORAIS.**

O curso de Xestión Administrativa e Financeira do comercio internacional que se ven desenvolvendo dende febreiro de 2018 en APE Galicia está a piques de finalizar.

O próximo día 9 de agosto os alumnos da acción formativa para mozos inscritos no sistema de garantía xuvenil rematarán o último módulo teórico do curso e terán que prepararse para a entrada nas empresas correspondentes para a realización das prácticas non laborais.

Se facemos un balance dende os inicios, podemos comprobar que os resultados foron favorables a nivel académico. O curso comezaba en febreiro con un total de 12 alumnos, pero durante o transcurso deste foron 4 os que renunciaron por contratación laboral, que é o fin último destas accións formativas. Os outros oito restantes, que con bo prognóstico chegarán ó final, de momento teñen acreditación para tódolos módulos do curso.

Se todo segue como ata o de agora e todos eles conseguen superar con éxito este último módulo do curso, os alumnos deberán despregar tódalas súas habilidades en empresas no desenvolvemento das prácticas non laborais, último módulo para poder optar ó título do certificado de profesionalidade.

As empresas ás que acudirán son grandes expertas en xestión e administración financeira do comercio internacional e contan con un gran percorrido en este área.

Foron O Percebeiro, S.L., Grupo Otero Freire, S.L, Frigoríficos Rosa de los Vientos, Transportes y Logística Marín S.L. e Consulting de Ingeniería e Instalaciones, S.L. as empresas polas que se optaron, as cales se mostraron moi colaboradoras en todo momento.



Así mesmo, tamén é certo que, trala realización das prácticas algúns deles terán que volver ás aulas uns días para a realización dos módulos transversais para a formación para a igualdade e a inserción laboral e a sensibilización ambiental.

Agora teremos que esperar para coñecer a experiencia dos alumnos nas prácticas e esperamos poder facer moi pronto a entrega dos títulos correspondentes.

**APE GALICIA TEN PROGRAMADO DESLIVRAR DÚAS ACCIÓN FORMATIVAS EN SETEMBRO EN RELACIÓN Ó COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL**

Tras a resolución das axudas ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social e se convocan para os anos 2018- 2019, APE Galicia foi unha das adxudicatarias.

Unha das accións formativas aprobadas denomínase “Programa de capacitación para mozos e mozas directivos de cooperativas”. Esta vai destinada a todos aqueles que emprenderon ou van a emprender un cargo na xerencia ou dirección das cooperativas. Entre os contidos destacan: retos e estratexias, planificación, xestión financeira, internalización, mercadotecnia, habilidades directivas, entre outras.

A outra acción formativa concedida leva o nome de “Oportunidades de negocio das cooperativas e da economía social”. Esta vai dirixida a un colectivo máis amplo: traballadores desempregados, procedentes de empresas en crise, traballadores autónomos, así como toda persoa que queira saber máis deste tipo de organización empresarial. Entre as actividades desta formación despuntan a explicación de axudas e subvencións, a realización de estudos de casos prácticos ou as visitas formativas a cooperativas.

En ámbalas dúas formacións se empregará unha metodoloxía dinámica, motivadora, teórica e práctica.

A idea é desenvolver unha edición por provincia de cada unha das accións formativas. Ámbalas dúas contan cun total de 20 horas repartidas en 5 días. Prevese que se desenvolverá en setembro, en horario de tarde e de luns a venres.

Polo de agora, APE Galicia comezou con unha sondaxe para saber o volume de persoas que poden estar interesadas e saber a onde pertencen, para despois poder ofrecer os programas nos sitios e lugares máis idóneos para os participantes.



**O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA AS BASES QUE REXERAN AS AXUDAS DESTINADAS A ACCIÓN FORMATIVAS DE FOMENTO DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, ESTE ANO CON NOVIDADES.**

O Diario Oficial de Galicia publica o día 3 de xullo a ORDE na que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a acción formativas de fomento da prevención de riscos laborais e se procede á súa convocatoria na comunicade Autónoma de Galicia no exercicio de 2018.

O fin último é levar a cabo acción de formación, sensibilización, asesoramento e fomento da prevención de riscos laborais en Galicia. Este ano, a diferenza dos anteriores, dispóñense **3 liñas de actuación**:

**Liña 1.** Formación e actividades de asesoramento e sensibilización en materia de prevención de riscos laborais de carácter intersectorial. As axudas desta liña están destinadas á realización de accións formativas e ás actividades de asesoramento e sensibilización en relación coa normativa de prevención de riscos laborais por parte dos gabinetes técnicos das organizacións que resulten beneficiarias.

**Liña 2.** Formación e outras actividades de fomento en materia de prevención de riscos laborais de carácter sectorial. As axudas desta liña están destinadas a cursos de formación sectoriais e á realización de xornadas de sensibilización de carácter sectorial.

**Liña 3.** Investimentos destinados a accións de mellora na adaptación, substitución ou adquisición de equipamentos de traballo e adaptacións de postos de traballo.

**Os beneficiarios** destas poderán ser:

**Liña 1.** As asociacións empresariais e as organizacións sindicais intersectoriais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical.

Esta liña ten un orzamento de 690.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.481.1, código de proxecto 2015 00507.

#### **Liña 2:**

a) As asociacións empresariais sectoriais constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical.

b) As organizacións sindicais, de carácter sectorial, con representatividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) As fundacións sectoriais paritarias para a promoción da prevención da seguridade e saúde laboral, nadas da negociación colectiva ou de acordos sectoriais, con sede e actividade en Galicia.

Esta liña ten un orzamento de 180.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.481.1, código de proxecto 2015 00507.

**Liña 3:** As medianas, pequenas empresas e microempresas, así como as persoas traballadoras autónomas con persoas traballadoras ao seu cargo, que teñan o seu domicilio social e polo menos un centro de traballo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta liña ten un orzamento total de 620.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.771.1, código de proxecto 2015 00507.

### **Non poderán ser entidades beneficiarias:**

a) Aquelas entidades nas cales conorra algunha das circunstancias a que se refire o artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As administracións públicas, as sociedades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

c) Na liña 3, a entidade solicitante non poderá ter unha sanción firme, por infraccións graves ou moi graves, en materia de prevención de riscos laborais nos últimos 3 anos.



### **En relación os requisitos da liña 1 e liña 2:**

#### **Accións non subvencionables.**

1. Cursos e xornadas de sensibilización que non se realicen integramente de forma presencial.

2. Cursos que contén cun número de alumnos/as menor de 8.

3. Na liña 2, os cursos de nivel básico, previstos no artigo 35 do Real decreto 39/1997,

do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

4. Accións formativas que supoñan o cumprimento de obrigas legais en materia preventiva das persoas integrantes das entidades solicitantes e, en particular, o cumprimento do artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

#### **Requisitos de asistencia aos cursos.**

1. Exixirase un mínimo de 15 asistentes aos cursos de formación, sectorial e intersectorial.

2. En casos excepcionais, debidamente motivados e coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Emprego poderase levar a cabo estas accións cun menor número de asistentes, en todo caso, non menor de oito. Esta autorización será solicitada pola entidade beneficiaria por correo electrónico ao enderezo [seguridade-saude-laboral@xunta.es](mailto:seguridade-saude-laboral@xunta.es) e a resposta será comunicada pola mesma vía á solicitante.

3. Durante a execución das accións non se permitirá a ausencia a máis dun 20 % do tempo total de duración desta. No caso de que a acción se desenvolvese por módulos, non se permitirán ausencias de máis dun 10 % en ningún dos módulos.

#### **En relación ós requisitos da liña 3.**

##### **Accións subvencionables.**

1. Serán subvencionables os investimentos en prevención de riscos laborais para uso propio da empresa (exclúense os adquiridos para

venda ou alugamento), sempre que a mellora da necesidade preventiva quede reflectida na avaliación de riscos e estea recollida na planificación da actividade preventiva a que se refire a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2. Os investimentos poden ser de 3 tipos:

a) Investimentos na mellora da adaptación de máquinas, substitución ou adquisición de equipamentos de traballo.

b) Mellora na adaptación de postos de traballo.

c) Investimentos nos lugares de traballo.

O prazo de presentación das solicitudes comezou o pasado 4 de xullo de 2018 e remata o próximo 3 de agosto do presente ano.

Se queres coñecer os documentos que debes presentar, os criterios de valoración ou máis sobre esta convocatoria preme no seguinte enlace:

<http://www.apegalicia.es/noticias/216-este-ano-dentro-das-axudas-destinadas-a-accions-de-fomento-da-prevencion-de-riscos-laborais-contemplase-unha-lina-para-adaptacion-substitucion-ou-adquisicion-de-equipamentos-de-traballo-para-a-prevencion-#.W2BPtsLtbIU>

O DIARIO OFICIAL DE GALICIA FAI PÚBLICO O PROGRAMA A FAVOR DA CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DAS MULLERES DESEMPREGADAS.

O pasado 27 de xuño o DOG facía pública a ORDE do 7 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras dun programa a prol da contratación das mulleres desempregadas, cofinanciado polo PO FSE Galicia 2014-2020, e a formación.

Esta ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2018 dos incentivos á súa contratación indefinida. Por medio desta convocatoria as empresas terán a posibilidade de obter axudas para a contratación e a formación.

Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

**a) Bono de contratación**, por medio do cal se proporcionará unha subvención para os contratos indefinidos iniciais realizados con mulleres desempregadas.

**b) Bono de formación (opcional)** dirixido ás mulleres contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

- Programa de bonos de contratación. Liña de axudas para incentivar a contratación indefinida inicial por conta allea. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais que se celebren desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de setembro de 2018 con mulleres desempregadas.

- Programa de bonos de formación.  
Programa de financiamento de accións formativas no centro de traballo.



**Poderán ser beneficiarias** dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten mulleres desempregadas por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle

correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

As empresas que teñan cincuenta ou máis persoas traballadoras deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dea ocupación, polo menos, ao 2 % de traballadores e traballadoras con discapacidade sobre o total das persoas traballadoras ou, na súa falta, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 42 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e reguladas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE núm. 94, do 20 de abril). Para o cómputo do número de persoas traballadoras da empresa teranse en conta as regras previstas na disposición adicional primeira do dito real decreto.

**Non poderán ser entidades beneficiarias** destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas os centros especiais de emprego.

**Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria** das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os requisitos para cada un dos programas son os seguintes:

### **Programa de bonos de contratación.**

Liña de axudas para incentivar a contratación indefinida inicial por conta allea.

1. A persoa desempregada pola que se solicita a subvención á contratación ten que cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser muller.

b) Estar en situación de desemprego no momento do inicio da relación laboral.

2. A xornada da contratación indefinida inicial será a tempo completo ou a tempo parcial. No caso da xornada a tempo parcial deberá de ser igual ou superior ao 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada máxima legal.

3. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia respecto á media dos 3 meses anteriores ao da contratación.

4. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia respecto á media dos 3 meses anteriores ao da contratación.

As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

### **Programa de bonos de formación.**

Programa de financiamento de accións formativas no centro de traballo.

a) A muller traballadora que recibe a formación e titorización ten que ser a mesma que participa no Programa de bonos de contratación e, polo tanto, cumprir os mesmos requisitos que se establecen para participar no capítulo II.

b) A acción formativa deberá ter unha duración mínima de 50 horas de formación teórica en contidos relacionados co posto de traballo a que asista integramente a persoa traballadora que participa neste programa.

c) A acción formativa terá lugar dentro dos tres primeiros meses desde o inicio do contrato e dentro da xornada laboral establecida no dito contrato.

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas comezou o pasado 28 de xuño de 2018 e prolongarase ata o 1 de outubro de 2018.

Para coñecer máis sobre esta convocatoria preme no seguinte enlace:

<http://www.apegalicia.es/noticias/217-axudas-programa-a-prol-da-contratacion-das-mulleres-desempregadas-tr350a#.W2BTnMLtBIU>

**O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DA SEGUNDA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.**



O pasado luns 30 sae publicada no DOG a ORDE do 17 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa da segunda oportunidade das persoas autónomas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do Programa da segunda oportunidade das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Serán persoas beneficiarias das axudas deste programa as persoas que se dean de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no período do 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018, cesasen con anterioridade na súa actividade causando baixa na Seguridade Social ou na mutualidade correspondente e no imposto de actividades económicas (IAE) por causas económicas e cumpran os seguintes requisitos na data da solicitude ou data de inicio de actividade segundo o modelo 036 ou 037 para as persoas que xa se desen de alta antes da solicitude:

a) Que o cesamento da actividade se producise con seis meses de antelación polo menos.

b) Que teña cotizado ininterrompidamente polo menos durante 18 meses nos últimos 5 anos ou de xeito alterno 36 meses nos últimos 10 anos no réxime especial

de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

c) Estar inscrito como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego polo menos 6 meses seguidos. Carecer de ocupación efectiva e non ter contrato laboral en vigor segundo informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e atoparse en tal situación na data de inicio da actividade laboral.

d) Darse de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de setembro de 2018.

e) Realizar unha formación de, como mínimo, 60 horas sobre formación xerencial, xestión comercial ou financeira, marketing dixital ou sobre materias que teñan relación directa co negocio que se vai emprender e así se xustifique.

f) Que as persoas desempregadas teñan o domicilio fiscal nalgún concello de Galicia e desenvolvan a súa nova actividade económica ou profesional en Galicia.

As axudas consistirán en:

**a) Bono apoio:** concederase unha axuda de 3.000 € ás persoas que estivesen máis de 6 meses seguidos inscritas como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego antes da data de solicitude ou da data

de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional para persoas que se deron de alta no 2018 antes da entrada en vigor da orde.

**b) Bono formación:** a persoa beneficiaria recibirá unha axuda de ata 2.000 € para realizar un mínimo de 60 horas de formación nas seguintes materias: formación xerencial, xestión comercial ou financeira, marketing dixital ou sobre materias que teñan relación directa co negocio que se vai emprender e así se xustifique. Esta formación poderá ser impartida por entidades públicas ou privadas e deberá estar finalizada dentro do período subvencionable.

Este período subvencionable será dun mes como máximo desde que se desen de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional e para altas anteriores á entrada en vigor desta orde a xustificación deberá facerse no prazo de dous meses como máximo desde a entrada en vigor da orde.

O gasto orixinado deberase producir no período subvencionable, que será desde o 1 de xaneiro de 2018 ata a finalización do período de xustificación, e deberá ser efectivamente xustificado, mediante certificado de asistencia e as facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con

anterioridade á finalización do período de xustificación.

A axuda máxima total será de 5.000 €.

A Rede de Mentoring do Igape poderá colaborar coas persoas beneficiarias desta axuda na mellor definición do seu novo emprendemento, en función dos seus criterios organizativos.

As solicitudes deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos e o prazo abranguerá dende o 31 de xullo ata o 1 de outubro de 2018.

Para saber máis preme no seguinte enlace: <http://www.apegalicia.es/noticias/222-programa-da-segunda-oportunidade-para-autonomo#.W2BYCcLtbIU>

**APE GALICIA**

**Tlf: 986891657**

**Móvil: 697.195.540**

**E-mail: info@apegalicia.es**

**Praza España Nº1 Andar 1º**

**Esq. Oficina 1 - 36002**

**Pontevedra**

